



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Anuncio de información pública da proposta de estrutura de custos do servizo de recollida, carga e transporte de residuos municipais a vertedoiro e punto limpo (lote 1), no Concello de Santa Comba

Anuncio de información pública da proposta de estrutura de custos do **SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA**

Expediente núm.: 2025/C006/000001

O Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 26/09/2025, adoptou, entre outros, este acordo:

“1.- Aprobar a á estrutura de custos do estudo económico e a fórmula de revisión de prezos para a nova licitación do contrato de **SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA**, elaboradas por PW Advisory & Capital Services, ao abeiro artigo 9 e concordantes do Real decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española para o fin de fixar nos pregos que rexan a licitación do contrato a revisión periódica de prezos aplicable ao contrato, de acordo a este resumo:

Tabla 5: Propuesta de estructura de costes del servicio

Estructura de costes	
Concepto	Municipio
Costes de personal	44,77%
Costes de explotación:	20,34%
Combustible	11,35%
Mantenimiento	7,77%
Seguros (no revisable)	1,22%
Cualquier otro coste de explotación	-
Otros costes de explotación: (no revisable)	12,34%
Alquiler, mantenimiento y seguro de las instalaciones (no revisable)	1,83%
Alquiler de vehículos (no revisable)	7,42%
Material auxiliar de los equipos (herramientas, equipamiento informático, terminales móviles, etc.) (no revisable)	1,62%
Equipamiento personal (Vestuario y EPI) (no revisable)	0,38%
Otros	1,09%
Control de calidad y Campañas de sensibilización (no revisable)	0,77%
Gastos Generales (no revisable)	5,09%
Beneficio Industrial (no revisable)	3,52%
Gastos de amortización y financiación (no revisable)	13,16%
TOTAL	100%

Tabla 6: Estructura de costes simplificada

Estructura de costes simplificada	
Concepto	% (s/ Total)
Personal	44,77%
Costes de combustible	11,35%
Costes de mantenimiento de vehículos y maquinaria	7,77%
NO REVISABLE	36,11%

2.- Someter a proposta de estrutura de custos a un trámite de información pública por un prazo de 20 días mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro de Edictos Electrónico municipal, que se integra na Sede Electrónica deste Concello na dirección electrónica: (<https://sede.santacomba.es/sxc/gl/informacion/>).

Simultaneamente publicarase o texto íntegro da xustificación da duración do contrato e a proposta de estrutura de custes no perfil de contratante municipal, que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

Se se presentasen alegacións no devandito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria que deberá incorporarse ao expediente de contratación.

Se non se presentasen alegacións, este acordo elevaríase a definitivo, se necesidade de adoptar un novo acordo.

3.- Incorporar a proposta de estrutura de custos resultante ao expediente de contratación para os efectos de fixar as fórmulas de revisión de prezos e a xustificación da duración do contrato.

4.- Realizado os trámites anteriores, comunicar a efectos informativos a estrutura de custos incluída no prego á Comisión de Prezos de Galicia da Xunta de Galicia.

5.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente”.

Sinalar que unicamente se poderán incluír no réxime de revisión aquelas variacións de custos que non estean sometidas ao control do operador económico. Así mesmo, establécense no artigo 7 do Real Decreto 55/2017, estas condicións:

Non se incluírán as variacións dos custos financeiros, amortizacións, os gastos xerais ou de estrutura nin o beneficio industrial.

Só se incluírán custos de actividade indispensables para a súa realización e que resulten significativos. Entenderase que un custo é indispensable cando non sexa posible a correcta realización da actividade e o pleno cumprimento das obrigacións normativas ou contractuais esixibles, sen incorrer no devandito custo. Entenderase que un custo é significativo cando represente polo menos o 1 por cento do valor íntegro da actividade.

Poderanse incluír, cos límites establecidos no RD 55/2017, os custos de man de obra a condición de que sexa un custo significativo.

De acordo co anterior, consideraranse suxeitos a revisión os custos de: persoal, custos de combustible e de mantemento de vehículos e maquinaria.

Contra este acordo, por ser un acto de trámite, non cabe recurso ningún.

Información pública.

De conformidade co artigo 9.8 do Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo cal se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, sométese a información pública a proposta de estrutura de custos do contrato de *SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA* por un prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio de información pública no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, con carácter previo a aprobar os pregos, para que calquera persoa interesada poida presentar as alegacións que considere oportunas.

Consulta da información.

A proposta de estrutura de custos e fórmula de revisión de prezos do contrato *SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA*, poderase consultar nas oficinas municipais, (departamento de Contratación), situadas na Praza do Concello, núm. 1, 15841 Santa Comba, A Coruña, de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, excepto festivos.

A documentación tamén estará ao dispor das persoas interesadas no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello:

<https://sede.santacomba.es/sxc/es/informacion>

As persoas ou entidades que tiveran interese, poderán formular por escrito as alegacións que estimen oportunos que serán presentadas na forma que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santa Comba, 1 de outubro de 2025

O alcalde

Alberto Romar Landeira

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

2025/6431